

## QUE É O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ?

Conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu entorno. O obxectivo é darlle resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa **autonomía persoal e a inclusión social**.

### - QUEN PODE ACCEDER?

A poboación infantil de 0 a 6 anos e as súas familias empadroados nos concellos de **Sobrado, Curtis e Aranga**.

### - QUEN PRESTA O SERVIZO?

Un equipo profesional específico conformado por unha **psicóloga, logopeda e terapeuta ocupacional**.

### - TEN ALGÚN CUSTO?

Non, é totalmente gratuíto

### - ONDE SE PRESTA ESTE SERVIZO?

No Centro de Ocio do Colexio do CEIP de Curtis e Centro de Ocio de Teixeira.

### - COMO POIDO SOLICITALA?

As familias interesadas en acceder á citada atención poder dirixirse a [atenciontemperaconcellodecurtis@gmail.com](mailto:atenciontemperaconcellodecurtis@gmail.com) ou chamando aos teléfonos 981789003 (Concello de Curtis) ou 981787508 (Concello de Sobrado).



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos



**Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, cofinanciada pola Unión Europea**



O obxectivo principal destas axudas é promover a autonomía persoal de menores de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento

O resultado que se pretende acadar é facilitar a inclusión social e a igualdade de oportunidades de todos os nenos e nenas.